

## FRAGMENTOS DO DIARIO DE RODAXE DE SEMPRE XONXA

24 FEBREIRO 1988 - STA. OLAIA (PETÍN - OURENSE)

... Hoxe comenzámo-la rodaxe ás doce da noite. Tardamos dúas horas en preparar a primeira toma. Estabamos a catro baixo cero e sobrevivimos ata as sete da mañá a base de caldo, café e un par de estufas que tiñamos na igrexa. O Birutas tivo que tirarse cinco veces naquela lameira como se fose unha piscina ...

24 FEBREIRO 1989 - PORTO DE VIGO

Moitos nervios e tensión. Dúas semanas de preparación para unha de rodaxe. Casting en Cangas, Moaña, Vigo, Bouzas, Pontevedra ... Unha semana de probas de vestuario, máis de mil caras de homes e mulleres, nenos e nenas desfilando no vídeo. Cáseque catrocentos extras para distribuír. Centos de cortes de pelos, zapatos, zapatillas, bolsos, caixas, baúles, caixóns...

Decorados, campo de concentración, curas e curas, gardas civís ... Hai que poñer todo a andar.

(Textos publicados en *Sempre Xonxa. Banda sonora da película*. Edigal, Santiago, 1990.)